

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016****PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL
SEPULTUREIRO (BOPPO NÚM. 60, luns 26 de marzo de 2018).****ANUNCIO RESOLUCIÓN RECLAMACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO
TEST (02/09/21), NOVOS RESULTADOS E CONVOCATORIA SEGUNDO EXERCICIO****1) RESOLUCIÓN RECLAMACIÓNS:**

En sesión do 20/09/21, o órgano de selección procedeu a análise, avaliación e resolución das reclamacións achegadas en relación á primeira proba (tipo test) do proceso selectivo, adoptando, por unanimidade os seguintes acordos:

a) Impugnación preguntas 5, 6 e 7.-

- Docs. 210185874, 210185884 e 210186755, achegados polo aspirante con DNI ***7115**

* O enunciado destas preguntas reza:

“05. Os cemiterios cuxa entidade propietaria é unha asociación sen ánimo de lucro e legalmente constituída son:

- a) Confesionais.*
- b) Parroquiais.*
- c) De comunidades exentas.*
- d) Particulares.”*

“06. Os cemiterios poden ser:

- a) Confesionais.*
- b) Particulares.*
- c) Municipais.*
- d) Todas son correctas.”*

“07. Os cemiterios cuxa entidade propietaria é unha organización relixiosa, denomínanse:

- a) Particulares.*
- b) Municipais.*
- c) Confesionais.*
- d) Todas son correctas.”*

A respostas que se deron por boas para estas preguntas á hora de corrixir foron, respectivamente, d), d) e c).

* O aspirante, que pide a anulación destas preguntas, fai un chamamento ó Decreto 151/2014, no





que indica terse superado a distinción entre cemiterios parroquiais, confesionais e particulares, sendo “o uso da instalación o que debe prevalecer e examinar, máis alá da súa consideración de *confesional ou non*”. Por outro lado, menciona unha guía elaborada polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social para que servira como instrumento para harmonizar a normativa autonómica en materia de sanidade mortuoria, na que clasifica os cemiterios, atendendo a poboación á que prestan servizo, en cemiterios de titularidade privada ou pública (municipais e mancomunados).

*Ao respecto compre sinalar que é certo que o preámbulo do Decreto 151/2014, se alonxa do criterio confesional ou non do cemiterio a efectos de clasificación, entendendo que na distinción debe prevalecer o uso da instalación.

A “*Guía de consenso sobre sanidade mortuoria*”, á que fai referencia o alegante, pensada para que poida ser empregada como referencia polas Comunidades Autónomas e pola Administración Xeral do Estado no momento de elaborar ou modificar a súa normativa, mantendo deste xeito uns criterios comúns e harmonizados, pero que non ten a consideración de normativa e, polo tanto, non vincula ás CCAA dentro do marco competencias que teñen en relación coa sanidade mortuoria, recolle unha clasificación de cemiterios atendendo exclusivamente á poboación á que prestan servizo, de xeito que os cemiterios ou son públicos ou privado, sen ter en conta o seu carácter confesional ou non.

Se ben esta guía non ten a consideración de norma reguladora, a clasificación que efectúa concorda coa que prevé o *Decreto 2263/1974, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria*, en cuxos artigos 55 y 58, a propósito da construción, apertura, suspensión e clausura dos cemiterios, distingue entre cemiterios “municipais” e cemiterios “particulares ou privados”. Pola súa parte, os artigos 60 e 62, ó regular o réxime de administración dos cemiterios, clasifica os mesmo en “cemiterios municipais ou mancomunados públicos” e “privados”.

Polo tanto, tendo en conta que o Decreto 151/2014 non establece ningunha clasificación de cemiterios, que a pregunta non se remite á literalidade de ningunha norma, e que o criterio de distinción aplicable conforme ao exposto anteriormente é o carácter público ou privado do cemiterio en cuestión, o órgano de selección, acordou acoller o criterio polo alegante.

Deste xeito, o órgano de selección entende que procede anular as preguntas 6 e 7, acudindo a dúas preguntas de reserva, a 31 e a 32. Polo que respecta á pregunta 5, a resposta indicada como correcta (d), axústase á clasificación dos cemiterios atendendo o se carácter público ou particular.

b) Impugnación pregunta 10.-

- Docs. 210183714 e 210183715, achegados polo/a aspirante con DNI ***0256**

* O enunciado da pregunta 10, estaba redactado do seguinte xeito:

“10. O traslado ordinario de restos óseos:

- a) farase exclusivamente nun coche fúnebre.
- b) non requirirá medio de transporte específico.
- c) non está permitido o traslado de restos óseos.





d) *ningunha das anteriores é correcta.*”

A resposta b) é a que se sinalou como correcta.

* O aspirante alega que a resposta correcta é a d) e non a b), como se indicou na plantilla de corrección. Invoca o Decreto 151/2014, dicindo que no mesmo non se contempla o concepto de “traslado ordinario” (ó que se refire a pregunta impugnada), senón o de “traslado” e o de “condución ordinaria”, respecto da que reza “*a condución ordinaria de restos óseos non requirirá medio de transporte específico*”. Entende que esta é a única referencia ó transporte de restos óseos que se fai no Decreto.

* A pregunta formulada non apela á literalidade de ningunha norma, sen prexuízo de que a resposta deba ter un fundamento normativo ou técnico que sustente que é a correcta. Porén axustándonos ó Decreto 151/2014, invocado polo reclamante, cabe sinalar que o seu artigo 13 regulador dos “Medios de transporte” emprega o termo xenérico de “transporte” para referirse á condución e traslado de “cadáveres ou resto cadavéricos” (punto 1). Ambas formas de transporte efectuaranse a través dos medios previstos no apartado 2 do mesmo precepto. O punto 3 exclúe da necesidade de transporte específico “a condución de resto óseos”, entendendo por “transporte”, tal e como se dixo, os conceptos de “condución” e “traslado”.

O Decreto non ofrece no seu artigo 3 unha definición específica para “condución ordinaria”, soamente define “condución común” (7) e “condución de recollida”(8) e ningunha delas inclúe no seu concepto os restos óseos. Na definición ofrecida para “traslados”(33) inclúe o transporte de restos cadavéricos. E os “*restos cadavéricos, completada totalmente a esqueletización dos mesmos*” entran dentro da definición de “restos óseos” (26).

Polo tanto, cando o artigo 13 se refire a condución ordinaria, esta enténdese como transporte, ben sexa condución ou traslado, pois en ambos casos pode tratarse de restos óseos. O transporte de restos óseos non require medio específico.

Polo exposto, procede desestimar a reclamación achegada.

c) Impugnación pregunta 29.-

- Doc. 210181476, achegado polo/a aspirante con DNI ***8505**
- Doc. 210182248, achegado polo/a aspirante con DNI ***6246**
- Docs. 210183714 e 210183715, achegados polo/a aspirante con DNI ***0256**
- Doc. 210183696, achegado polo/a aspirante con DNI ***7559**

* A pregunta 29 formulouse nos seguintes termos, dando por boa a resposta c):

“29. *En que tipo de exhumación é máis propenso/a o/a oficial sepultureiro/a a sufrir un corte?:*”

- a) *Nicho.*
- b) *Cripta.*
- c) *Tumba.*
- d) *Cenotafio.*”

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/09/2021 14:46	Páxina 3 de 5
	Expediente 37995/220	CSV: 2587A9-BCBA34-D1E94E-UVKNB5-JAB2SA-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



* En relación á mesma, nas reclamacións achegadas os/as aspirantes alegaron o seguinte:

- que a resposta indicada como correcta non ten sustento en ningunha norma legal nin temario de oposicións, que é algo que depende da maneira de traballar de cada operario e do cumprimento da normativa de EPIS.
- o Decreto 151/2014 non define o termo de “tumba”, por contra define “sepultura” como “calquera lugar destinado á inhumación dun cadáver ou restos humanos”, incluíndo neste concepto as “fosas” e “nichos”. Segundo a RAE “tumba” poderíase entender como sinónimo de “sepultura”, polo que entón habería máis dunha resposta correcta.
- o termo “tumba” equivale segundo a RAE ó “lugar onde está enterrado un cadáver”, sen referirse a ningún en concreto, senón a calquera tipo de enterramento. En calquera tipo de enterramento con féretro de cristal podería darse a posibilidade de corte.
- o termo “tumba” pode referirse a distintos tipos de sepultura e non aparece reflectido no Decreto 151/2014.

* O órgano de selección entende que procede acoller as alegacións achegadas polos interesados e polo tanto estimar a súa solicitude de anulación, por canto, se ben a pregunta formulada non invoca ningunha normativa concreta, “tumba” é un termo xenérico, que pola definición aportada pola RAE podería entenderse sinónimo de “sepultura”, concepto que si se inclúe no Decreto 151/2014, que se acota expresamente a dúas tipoloxías: “fosas” e “nichos”. Coa anulación desta procede avaliar a pregunta reserva 33.

2) NOVA CORRECCIÓN AUTOMÁTICA:

En consecuencia, á vista das reclamacións achegadas e das motivacións expostas, o órgano de selección acordou anular as preguntas 6, 7 e 29 e, polo tanto, á súa substitución, respectivamente, polas preguntas de reserva 31, 32 e 33. Deste xeito, fíxose necesario proceder a unha nova corrección automática, da que resultaron as seguintes puntuacións:

ID	Ben	Mal	Non contestada	Nota
5138	13	15	2	Non apto/a
5139	13	11	6	Non apto/a
5142	16	9	5	Non apto/a
5143	11	11	8	Non apto/a
5151	15	4	11	Non apto/a
5155	15	12	3	Non apto/a
5159	11	6	13	Non apto/a
5163	8	16	6	Non apto/a
5166	15	12	3	Non apto/a
5167	14	3	13	Non apto/a
5168	29	1	0	9,500
6481	29	0	1	9,667
6485	28	1	1	9,167
6489	16	10	4	Non apto/a





ID	Ben	Mal	Non contestada	Nota
6493	5	20	5	Non apto/a
6497	19	11	0	Non apto/a
7456	17	7	6	Non apto/a
7457	13	13	4	Non apto/a
7458	28	1	1	9,167
7459	25	3	2	7,833
7460	25	5	0	7,500
7461	26	1	3	8,500
7462	10	11	9	Non apto/a
7463	18	5	7	5,167
7464	13	14	3	Non apto/a
7465	19	6	5	5,333
7475	19	7	4	5,167

3) CONVOCATORIA SEGUNDO EJERCICIO:

Acórdase convocar ós aspirantes que superaron o primeiro exercicio para a realización da segunda proba do proceso selectivo, de carácter obrigatorio e eliminatorio, **para o xoves, 30 de setembro de 2021, ás 11:00 horas na entrada principal do Cemiterio de Pereiró.**

Lémbrese que, de conformidade coas bases reguladoras do proceso selectivo, o exercicio consistirá en resolver un suposto práctico ou realizar as tarefas que propoña o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto de temario específico, no prazo establecido por este en función da natureza da proba.

Vigo, na data de sinatura dixital,
A secretaria,
Mónica Domínguez Estévez

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/09/2021 14:46	Páxina 5 de 5
	Expediente 37995/220	CSV: 2587A9-BCBA34-D1E94E-UVKNB5-JAB2SA-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		